

MESA DELEGADA FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

Traballo a distancia →

Preguntamos polo estado en que se atopa o borrador de teletraballo que segue durmindo no caixón de Función Pública. Non teñen noticias sobre o tema polo que entendemos que segue escondido nalgún caixón

Solicitudes traballo a distancia	Número	%
Autorizadas	299	99,34%
Denegadas	2	0,66%
Total	301	100%

Modalidade de Prestación do Servizo	Número	%
Presenza física 2 días	190	52,2%
Presenza física 3 días	93	25,55%
Presenza física 4 días (autorizada de xeito excepcional)	16	4,4
Presenza física 5 días	65	17,86%
Total	364	100%

Oferta de emprego e provisión de postos →

Desde CIG queremos coñecer as xestións que o departamento realizou para incluír a clave de Lingua de Comunidade Autónoma (LCA) nas RPT's do fondo en Galicia. Evidentemente a resposta é que non realizou ningunha xestión e non as vai a realizar.

Queremos coñecer as intencións para incluír o coñecemento do galego como mérito nos concursos que convoque. Aquí temos o compromiso da administración de que a lingua propia será incluída como mérito nos concursos que se convoquen.

Desde CIG solicitamos que se soliciten nas ofertas de emprego as prazas suficientes que garantan a suficiencia dos cadros de persoal para evitar, entre outras cousas, que se deslocalicen prazas. Non se poden mover prazas espindo servizos para vestir outros.

MESA DELEGADA FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

→ Datos sobre efectivos do fondo a 1/1/2025:

	Persoal F.	Persoal L.
A Coruña	8	0
Lugo	4	0
Ourense	4	0
Pontevedra	7	0

→ Datos sobre efectivos do fondo a 1/1/2026:

	Persoal F.	Persoal L.
A Coruña	8	0
Lugo	4	0
Ourense	4	0
Pontevedra	9	0

Prevención de Riscos Laborais →

En materia de formación, vai iniciar unha formación en liña para todo o persoal sobre prevención e sensibilización en materia de violencia e acoso laboral; primeiros auxilios; pantallas de visualización no teletraballo; e escola das costas. A duración dos cursos será de 2 horas, sendo a data de inicio o 5 de maio de 2026 e a de finalización o 16 de decembro de 2026.

Recoñecementos médicos, tense previsto informar a todo o persoal para a súa realización durante maio-xuño 2026.

Formación →

Foi negociada e aprobada na comisión de formación polo que o fondo non ten nada novo que informar neste apartado.

Acción social →

Foi negociada na comisión de acción social e o fondo informa que xa foi remitida á intervención delegada de facenda para o seu visto bo. Agardan a súa publicación en breve.

MESA DELEGADA FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

Produtividade →

Esta convocada unha reunión o vindeiro doce de maio para ver as novidades, polo que nos remiten a esta reunión para informar de posibles novidades.

RPT →

Lembrar que era a proposta de modificación dos postos de xefatura de unidade e os postos xurídicos.

Levou moito tempo a análise técnica que función pública realizou á proposta de modificación pero por fin parece que acabou. Agora esta pendente do estudo de impacto económico. Suma e segue tramites que dilatan os tempos pero que son necesarios para o éxito da proposta.

Comparecencias telemáticas →

O fondo está a falar co Consello Xeral do Poder Xudicial para estudar a posibilidade de que se habilite esta posibilidade para que se poida contar con máis apoio e incrementar a participación en xuízos.

Galiza, 22 de abril de 2026